



Montes Veciñais en Man Común  
Valladares - Vigo

Estrada de Valladares, 233 – 36314 VIGO  
Teléfono: 986 467 053 – Fax: 986 467 052  
E-mail: [evallada@etv.es](mailto:evallada@etv.es)  
<http://www.etv.es/USERS/evallada>  
C.I.F.: G-36.663.185

# ESTATUTOS

## CAPITULO 0

### **ARTICULO PRELIMINAR**

A Comunidade de Montes de Valladares é por definición unha entidade sen ánimo de lucro e de utilidade pública, que ten como fin principal a xestión do Monte Comunal e dos seus recursos, e como fin subsidiario a mellora das condicións sociais e de medio ambiente no seu ámbito de actuación, podendo utilizar para elo os recursos que se obteñan tanto dos aproveitamentos do Monte como de calquera outros que se poidan lograr mediante subvencións, prestación o traveso da acción de voluntariado ou por outras vías.

## CAPITULO I

### **DISPOSICIÓN XERAIS**

#### **ARTICULO 1.- OBXECTIVO**

Os presentes Estatutos teñen por obxecto regula-lo uso e aproveitamento dos montes veciñais denominados MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE VALLADARES (Alba, Pozos e Sobreira) do Concello de Vigo, clasificados polo Xurado Provincial en virtude de resolución de data vinteún de abril de 1983 e demais montes ou parcelas adquiridas que no futuro se clasifiquen como veciñais en man común desta parroquia, a tenor do establecido na Lei 13/1989, de 10 Outubro, do Parlamento Galego e no que fose preciso, a Lei 55/1980 de 11 de Novembro e o seu regulamento, de 26 Febreiro de 1970 e, no preciso, o Regulamento de 4 Setembro de 1992.

Dito monte ten unha cabida de 293,74.46 hectáreas. Os seus lindes, segundo expresa a citada resolución, son os seguintes:

PARCELA I.- Alba: 175,37.05 Hectáreas.  
Norte: Fincas particulares.  
Sur: Concellos de Nigrán e Gondomar.  
Leste: Fincas particulares.  
Oeste: Parroquias de Coruxo e San Andrés de Comesaña.

PARCELA II.- Pozos: 44,79.31 Hectáreas.  
Norte: Fincas particulares.  
Sur: Fincas particulares.  
Leste: Fincas particulares.  
Oeste: Fincas particulares.

PARCELA III.- Sobreira: 73,60.10 Hectáreas  
Norte: Fincas particulares e montes de Beade.  
Sur: Fincas particulares.  
Leste: Montes de Zamáns.  
Oeste: Fincas Particulares.

### **ARTICULO 2.- NORMAS**

As normas contidas nos presentes Estatutos inspíranse nos usos e costumes tradicionalmente observados para regula-lo aproveitamento e uso dos referidos montes. Non obstante, se se demostrase a existencia de usos e costumes non recollidos nos mesmos, serán respectados e poderá pedirse por calquera parte interesada a súa inclusión nos presentes Estatutos. Unha vez probada na debida forma a súa tradicional observancia, en razón de conformidade co artigo 38-1º do Estatuto de Autonomía de Galicia, son de preferente aplicación, por imperativo da Disposición Final da 2ª Lei 13/89, de 10 Outubro, en relación coa Disposición Adicional Cuarta en que recoñece a parroquia como marco na forma que establecen os artigos 27-2 e 40-2 do citado Estatuto de Galicia.

### **ARTICULO 3.- TITULARIDADE**

A titularidade e aproveitamento dos referidos montes corresponde á Comunidade de Montes en cuestión, que terá capacidade xurídica plena para o cumprimento dos seus fins, para a súa autoorganización, podendo, en consecuencia, ademais de aprobalos seus propios Estatutos, exercer cantas accións, en vía xudicial e administrativa, fosen precisas para a defensa dos seus específicos fins e a defensa dos seus dereitos, así como sobre a súa administración e disposición.

A representación da Comunidade corresponde á Xunta Rectora, e a desta ó seu Presidente, podendo, polo tanto, dito Presidente, defendela propiedade comunitaria, en casos urxentes, poñendo en coñecemento da Xunta Rectora e da Asemblea Xeral que máis proximamente se convoque, o exercicio das accións esgrimidas, para que o colectivo o ratifique ou impugne. Todo esto sen perxuízo das facultades que a cada comuneiro/a outorga o artigo 17 da Lei 13/89 de 10 Outubro, no suposto de que o Presidente non exerza as accións previstas como lle está encomendado.

### **ARTICULO 4.- INDIVISIBILIDADE**

Os referidos montes son indivisibles, inalienables, imprescritibles e

inembargables e non están suxeitos a tributación algunha nin ás cotas da Seguridade Social Agraria.

## **CAPITULO II**

### **ACTOS DE DISPOSICIÓN**

#### **ARTICULO 5.- CESIÓN**

Non obstante ó disposto no articulo anterior, poderán ser obxecto de cesión temporal, previo informe da Consellería de Agricultura, en todo ou en parte, a título oneroso ou gratuíto, para obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servicios ou outros fins, que redunden de modo principal en beneficio directo da Comunidade de Veciños, de acordo coas maiorías previstas no artigo 18-1 da Lei 13/89 de 10 Outubro.

A cesión poderá ser por tempo indefinido en favor de calquera das Administracións Públicas cando sexa destinada a equipamentos a favor da propia Comunidade Veciñal, en tanto se manteña o fin para o que foi feita tal cesión; e por un prazo máximo de 30 anos se é a favor de particulares.

#### **ARTICULO 6.- EXPROPIACIÓN**

Tamén poderán ser obxecto de expropiación forzosa por causa de utilidade pública ou interese social prevalente as do propio monte, previa declaración expresa pola Xunta de Galicia e oída a propia Comunidade de Montes, así como o establecemento do dereito que con todo esto se deriva na forma regulada no artigo 6 da citada Lei 13/89, se ben se prevé, agás caso excepcional acordado polas 2/3 partes dos comuneiro/as, que tal diñeiro se reverta en melloras para o aproveitamento do monte e/ou en obras de infraestrutura parroquial e, no suposto de que o patrimonio colectivo fose expropiado conxuntamente, persista para a Comunidade expectativa dun posible dereito de reversión.

#### **ARTICULO 7.- OCUPACIÓNS E SERVIDUMES**

Poderanse establecer ocupacións e servidumes, logo de expediente no que se acredite a súa compatibilidade co fin e a utilidade pública que cualifica o Monte para o que a Delegación Provincial correspondente redactará a oportuna memoria.

O consentimento da Comunidade Veciñal é necesario para autorizar a ocupación no monte. Cando esta se opoña, a Delegación Provincial correspondente, sen máis trámite, dará por concluído o expediente, comunicándolle os interesados que non hai lugar ó solicitado.

#### **ARTICULO 8.- DEREITOS DE SUPERFICIE**

1.- O establecemento de dereitos de superficie terá carácter temporal e cos seguintes prazos:

a) Ata 30 anos no caso de que sexa con destino a instalacións ou

edificacións.

- b) Ata 10 anos en cultivos agrarios, logo de autorización da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural cando supoña cambio de masa forestal a produción agraria.
- c) O número de anos coincidente coa rolda da especie plantada no caso de arborado, debéndose fixar no documento correspondente ó número de anos máximo no que se deberá proceder a corta do arborado.

2.- Para plantacións de eucaliptos deberase engadir o documento público

sinalado no número anterior un estudio de impacto ambiental, conforme ó Decreto 81/1989, do 11 de maio.

### **ARTICULO 9.- PERMUTAS**

O establecemento das permutas requirirá informe favorable da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes sobre a similitude do valor dos terreos permutados e a proximidade dos terreos que se vaian permutar.

### **ARTICULO 10.- ARRENDAMENTOS**

O Monte poderá ser obxecto de arrendamento total ou parcial, o cal se rexerá polo disposto no Código Civil. O período contractual no poderá ser superior a 11 anos.

### **ARTICULO 11.- CONCENTRACIÓN PARCELARIA**

A inclusión no proxecto de Concentración Parcelaria, se a houbese, deberá respectar, ó termo do expediente, a superficie total inicial e a capacidade productiva do Monte.

### **ARTICULO 12.- DESTINO DO PAGAMENTO**

O importe das cantidades aboadas polo negocios xurídicos mencionados neste TITULO deberase destinar a mellora do monte, ou ó establecemento de obras ou servicios de interese xeral da Comunidade propietaria do Monte.

## **CAPITULO III**

### **DOS COMUNEIRO/AS TITULARES**

#### **ARTICULO 13.- CALIDADE DE VECIÑOS/AS COMUNEIROS/AS TITULARES**

1.- Terán a condición de veciños/as comuneiro/as os titulares civís de unidades económicas que residan habitualmente con casa aberta na parroquia de Valladares, así como aqueles outros que adquiren tal condición no sucesivo, segundo as normas establecidas no artigo 4 do regulamento de 4 de setembro de 1992, e sempre que figuren inscritos no censo de comuneiro/as pola súa

propia iniciativa, previa solicitude de inclusión na forma que regule o apartado 2º do artigo 24 dos presentes Estatutos.

Non se considerarán comuneiro/as aqueles que residan con carácter temporal ou de ocio na parroquia de Valladares ou os que non teñan participado nalgunha actividade relacionada co monte.

2.- Cando varias familias habiten na mesma casa será considerado comuneiro/a, ós efectos dos presentes Estatutos, o titular dos bens, e se fosen varios o cabeza de familia, o que ostenta a titularidade da maior parte dos bens, ou outra persoa en quen delegue, por escrito, previa comunicación á Xunta Rectora. Esta persoa terá a capacidade de elixir e de ser elixido para os cargos desta Comunidade.

3.- Os veciños/as comuneiros/as que leven vivindo máis de un ano en réxime de alugar, no mesmo domicilio, poderán obter a calidade de comuneiro/a, previa solicitude a Xunta Rectora.

4.- As casas ou edificacións que posúan división horizontal, entenderanse con porta aberta, tantas como figuren no Rexistro da Propiedade –baixo, primeiro, segundo, terceiro, dereita, esquerda, etc.-, obtendo un representante de cada unha delas a posibilidade de ser comuneiro/a de acordo o apartado 1 e 2 do presente articulo.

5.-Para acredita-los dereitos ó disfrute e aproveitamento do Monte Común, bastará con figurar no Libro Rexistro aberto a estes efectos.

#### **ARTICULO 14.- ADQUISICIÓN DA CONDICIÓN DE VECIÑO/A COMUNEIRO/A**

1.- A condición de comuneiro/a, con pleno dereito á participación dos beneficios e cargas da Comunidade de Montes adquirese:

a) Por te-la veciñanza, estar censado na parroquia e habitar en casa aberta e con fume na parroquia e cumprilo disposto no artigo 3-1 da citada Lei 13/89 e o R.D. 260/92,

b) Por contraer matrimonio con persoa que reúna as anteriores condicións, sempre que se fixe o fogar conxugal na citada parroquia. Neste caso ostentará a condición de comuneiro/a o cónxuxe que teña a administración dos bens do matrimonio, podendo delegar no outro mediante escrito que presentará á Xunta Rectora.

2.- A efectos do apartado anterior, entenderase gañada a veciñanza sempre que veña habitando, en casa aberta e con fume, como cabeza de familia independente na parroquia, dende a data de aprobación dos Estatutos. Se con posterioridade á aprobación dos mesmos reúne os requisitos contemplados no apartado 1.a) anterior obterá igualmente a condición de comuneiro/a, previa aprobación, a solicitude do mesmo, da Xunta Rectora, e

esta dará conta a Asemblea Xeral, a quen compete determinar e fixar en cada caso as condicións de arraigo na localidade, esixencia de período mínimo de residencia na parroquia, e incluso a facultade de establecer cota de ingreso, calculada en función das contribucións que fixeran os veciños por traballos de conservación e melloras do Monte.

3.- Considerarase cumprida a anterior condición anque o cabeza de familia teña que ausentarse por motivos de traballo, sempre que manteña casa aberta e con fume e esta sirva de domicilio a súa familia máis achegada, non superando a ausencia o prazo dun ano.

4.- Se a ausencia do Cabeza de familia fose de maior duración, pero o seu cónxuxe continúa vivindo na parroquia con casa aberta e con fume, e cumprindo as demais condicións esixidas no artigo 14-1 a), considerarase delegada a condición de comuneiro/a ó cónxuxe residente na parroquia sen necesidade de comunicación algunha.

Esto mesmo aplicárase cando o que continúe na parroquia habitando casa familiar sexa fillo ou familiar do ausente que reúna as demais condicións establecidas.

5.- Finado un comuneiro/a recaerá automaticamente a calidade de veciño/a comuneiro/a na persoa que pasa a representar a casa aberta na que habitaba o mesmo.

#### **ARTICULO 15.- ADQUISICIÓN DA CONDICIÓN DE VECIÑO/A COMUNEIRO/A ASESOR/A.**

Adquire a condición de Veciño/a Comuneiro/a ASESOR/A, cando se trate de fillo/a de veciño/a comuneiro/a de pleno dereito que reúna as seguintes condicións:

- a) Que posúa coñecementos técnicos e/ou estudos superiores que teñan que ver coa administración, xestión, planificación e amparo xurídico da Comunidade de Montes.
- b) Os comuneiros/as ASESORES/AS non terán voto pero si voz naqueles asuntos que sexan da súa competencia técnica.
- c) As tarefas que realicen poderán ser a título gratuíto ou remuneradas.
- d) Poderán ter tódolos dereitos de comuneiro/a soamente nos casos de representación emitindo un só voto dun representado.

#### **ARTIGO 16.- PERDA DA CONDICIÓN DE VECIÑO/A COMUNEIRO/A**

1.- A condición de comuneiro/a pérdese por calquera das causas seguintes:

- a) Por peche da casa no lugar por mais de un ano continuado.

- b) Por perda da veciñanza na parroquia, que se estima producida se se gañou dita veciñanza noutra parroquia.
- c) Por renuncia escrita do titular ou por delegación escrita noutro membro da familia que reúna as condicións para ser comuneiro/a.
- d) Por falecemento do titular.
- e) Por decisión da Xunta Rectora, aprobada polo-la Asemblea Xeral, ó ter usado indebidamente os bens comúns da Comunidade, causar graves danos ós bens comúns ou impedir o seu uso ós demais comuneiro/as, sen perxuízo das demais responsabilidades a que houberse lugar.
- f) Por separación conxugal e non habitar na casa onde conseguiu a condición de comuneiro/a, agás que conserve a veciñanza e posúa autorización expresa e por escrito do outro conxugue.
- g) Por non participar en seis Asembleas Xerais consecutivas sen xustificación algunha ou non delegar a súa representación noutro comuneiro ou familiar, por interpretarse que renuncia voluntariamente a condición de comuneiro/a.
- h) Por non reunir algúns dos requisitos determinantes da calidade de veciño/a comuneiro/a.

2.- A perda da condición de comuneiro/a, non impedirá volver recuperala, unha vez cesadas as causas que a provocaron, e non prexudicará ós herdeiros ou causahabentes que reúnan as demais circunstancias para obtela.

3.- Ó falecemento dun comuneiro/a transferirase de inmediato esta condición ó herdeiro que siga habitando na mesma casa do causante, ou se fosen varios, ó que ostente a maior parte dos bens ou, no seu caso, ó de maior idade, agás acordo entre os mesmos e comunicación á Xunta Rectora. Se os distintos herdeiros do comuneiro/a falecido pasaran a vivir a distintas casas da mesma parroquia, como titulares das mesmas e non tivesen anteriormente a condición de comuneiro/as, pasarán a ostentala dende o momento en que acrediten á Xunta Rectora ter aprobado a partición de bens do comuneiro/a falecido.

4.- En caso de transmisión, inter vivos ou mortis causa, do uso e aproveitamento da totalidade dos bens que pertencían a un comuneiro/a que perde por tal motivo a súa condición, o adquirinte non terá dereito a integrarse como membro da Comunidade ata que adquira a veciñanza na referida parroquia, de acordo co previsto nos presentes Estatutos; todo elo sempre que habite en casa aberta e con fume e sexa titular do seu uso e aproveitamento. As transaccións parciais non extinguen o dereito do transmítente.

## **ARTICULO 17.- DEREITOS DOS VECIÑOS/AS COMUNEIRO/AS**

1.- Ademais dos que resulten dos restantes preceptos destes Estatutos e da lexislación de montes veciñais en man común, son dereitos dos comuneiro/as:

- a) Participar na administración, control e goberno da Comunidade, se foi elixido membro da Xunta Rectora
- b) Dereito a información de todos aqueles datos relativos a marcha da Comunidade que lle interese coñecer, a través da lectura de todo o relativo á Comunidade, no domicilio social da mesma e asistido polo Secretario ou persoa delegada por este, como depositario da documentación, así como formular os reparos que teña por conveniente nas deliberacións dos órganos de goberno.
- c) Participar nos aproveitamentos directos e gratuítos, de acordo coas normas sinaladas pola Asemblea Xeral.
- d) Explotar no seu caso parcelas do monte veciñal, conxunta ou individualmente na forma que regula a Lei 13/1989, de 10 Outubro, do Parlamento Galego, previo acordo que o legalice, tomado na Asemblea Xeral.
- e) Traballar na explotación do monte, se esta fose unha das metas, co fin de evitar as medidas de protección e xestión cautelares a que se contrae o artigo 24 e seguintes do citado texto 13/1989, de 10 de Outubro.

2) Tódolos demais que se deriven da súa condición de comuneiro/a e, especialmente, exercer o dereito a voto para elixir os membros da Xunta Rectora e decidir o resultado nas Asembleas Xerais.

## **ARTIGO 18.- OBRIGAS DOS VECIÑOS/AS COMUNEIRO/AS**

Ademais das que resulten da aplicación da lexislación de montes veciñais en Man Común, dos presentes estatutos, e do desenvolvemento dos Acordos da Comunidade, determinados pola Asemblea Xeral ou a Xunta Rectora, dentro do ameto da súa respectiva competencia, son obrigas de tódolos/as comuneiro/as:

- a) Cumprir fielmente os preceptos da lexislación de montes veciñais en man común, destes Estatutos e dos acordos que emanen da Asemblea Xeral e da Xunta Rectora.
- b) No suposto de afronta-la Asemblea Xeral a explotación directa do monte, efectua-las contribucións obrigatorias na contía e modo que pola mesma se fixen, pero suxeitándose a un plan racional de explotación do monte.
- c) Desempeñar con toda dilixencia os cargos da Xunta Rectora ou calquera outro para o que fose preciso ou elixido.
- d) Asistir as reunións a que fora convocado na debida forma.
- e) No caso de explotación directa do monte, ben por toda a comunidade ou ben na forma asociativa que se determine, poñe-la máxima



diligencia nas súas funcións e labores que teña encomendadas.

f) No caso de cesión de uso de parcelas derivadas do monte veciñal en man común, suxeitarse estrictamente ás normas que ó efecto establece a Lei de 10 Outubro de 1989, do Parlamento Galego, ás que dicte o Regulamento e, en definitiva, a tódolos preceptos que lle sexan aplicables

## CAPITULO IV

### **DOS APROVEITAMENTOS E EXPLOTACIÓN DO MONTE**

#### **ARTICULO 19.- PARTICIPACIÓN DOS APROVEITAMENTOS NO SUPOSTO DE QUE O MONTE SEXA OBXECTO DE EXPLOTACIÓN DIRECTA DOS VECIÑOS.**

1.- A participación de cada un dos comuneiro/as no aproveitamento ou beneficios que sexan susceptibles de producilos referidos montes, despois de deducidos, no seu caso, os gastos de explotación, os xornais e demais contribucións do caso, investirase sempre o exceso en mellora-lo aproveitamento do monte e en obras comunitarias, coas prioridades que estableza a Asemblea Xeral. Tales prioridades distribuiranse na forma que determine o colectivo parroquial expresado pola Asemblea Xeral, ben tomando como marco a parroquia en conxunto ou ben distribuíndo o seu importe polos barrios ou lugares, pero aplicando sempre por prioridade as obras máis importantes dende a perspectiva de infraestrutura parroquial.

2.- A efectos do exposto no apartado anterior, entenderase por rendementos pecuniarios ou rendementos líquidos, aqueles que se expresan no precedente artigo e despois de reserva-lo 15% dos mesmos para investimentos, protección, accesos ou servicios derivados do uso social a que o monte está destinado, de acordo co artigo 23 da Lei 13/1989, de 10 Outubro e, como e natural, descontadas as cantidades investidas na explotación do monte, os xornais abonados ou gañados polos comuneiro/as que teñan traballado no monte a obtención do produto, que serán abonados os mesmos con independencia dos beneficios que pasarán a unha conta específica para atender as contingencias que xurdan no Monte comunal de acordo o articulo 20.1.

3.-No caso de cesión dunha parcela para un uso que supoña a creación de postos de traballo, terán preferencia os veciños da parroquia de Valladares, debendo establecerse esta condición expresamente no contrato de cesión.

#### **ARTIGO 20.- DISTRIBUCIÓN DAS CARGAS E DÉBEDAS NO CASO DE EXPLOTACIÓN DIRECTA DO MONTE, TOTAL OU PARCIAL POLOS VECIÑOS.**

1.- Tendo en conta, en principio, que a Comunidade se propón a explotación do monte na forma que se dirá no seguinte capítulo, as cargas ou débedas que graven a explotación do monte, que se tivesen producido como consecuencia da mesma, deduciranse dos beneficios, se os houberse ou no seu caso prorratearanse entre os veciños/as comuneiros/as a partes iguais.

2.- Nos casos nos que a Asemblea Xeral o estime preciso, as prestacións persoais –de traballo- para realizar labor no monte, tódolos veciños/as comuneiros/as estarán obrigados a realiza-las. A Xunta Rectora poderá propoñer a Asemblea Xeral a que determine en cada suposto a forma e momento de facer efectivas as cargas económicas e as prestacións persoais.

3.- Cando un comuneiro/a non queira facer fronte as súas obrigas como tal, quedará automaticamente suspendido nos seus dereitos na Comunidade, e non poderá volver a mesma namentres non cancele as súas cargas e débedas.

## **ARTIGO 21.- MODALIDADES E PLANS TÉCNICOS DE APROVEITAMENTOS NO MONTE.**

Competerá a Asemblea Xeral a toma de decisión sobre os seguintes aspectos:

- a) Elaboración dun sinxelo estudio vocacional do Monte.
- b) Elaboración de un estudio técnico-económico para cada unha das opcións de explotación.
- c) Estudio de financiamento, sinalando as diferentes etapas que deben sucederse ata a explotación do Monte.
- d) Decisión sobre a forma de aproveitamento do Monte, tales como a explotación en común por tódolos comuneiros/as, cesión, arrendamento, etc.
- e) Nos casos de convenios coas administracións públicas ou con particulares, especificarase claramente a superficie e plan de aproveitamento das distintas producións gandeiras ou forestais, así como o sistema de control e seguimento do cumprimento do Convenio.
- f) Decisión de mancomunarse con outras Comunidades de Montes Veciñais o fin de desenvolver conxuntamente os Plans de Explotación destes montes ou dalgúns dos seus aproveitamentos.

## **CAPITULO V**

### **DO GOBERNO DA COMUNIDADE DE MONTES**

#### **ARTICULO 22.- ÓRGANOS DE GOBERNO DA COMUNIDADE**

O goberno e administración da Comunidade realizarase por:

- a) .- A Asemblea Xeral de Comuneiro/as.
- b) .- Xunta Rectora da Comunidade.

### **ARTICULO 23.- ASEMBLEA XERAL DE COMUNEIRO/AS**

1.- A Asemblea Xeral de Comuneiro/as é o órgano supremo da Comunidade, que expresará a vontade da mesma e estará composta por tódolos comuneiro/as que integren a relación de comuneiro/as que forman a Comunidade.

2.- A Asemblea Xeral reunirse obrigatoriamente dúas veces ó ano, en sesión ordinaria, a primeira no primeiro trimestre para aprobar o presuposto e plans a desenrolar durante o mesmo, e a segunda no terceiro trimestre do ano para controlar o desenvolvemento daqueles plans e as contas da Comunidade.

Serán extraordinarias tódalas demais asembleas que se convoquen polo Presidente, a propia iniciativa, a instancia da Xunta Rectora, ou do 20% dos comuneiro/as ou dun mínimo de 80 firmas autenticadas de comuneiros/as.

3.- As convocatorias para a Asemblea Xeral, tanto en reunión ordinaria como extraordinaria serán efectuadas polo Presidente da Comunidade, que igualmente ostentará o cargo de presidente da Xunta Rectora, mediante escrito que estenderá o secretario, con dez días de antelación, expresando o lugar, data e hora en que se celebrará, en primeira e segunda convocatorias, o seu carácter ordinario ou extraordinario, e incluíndo na orde do día os asuntos a tratar. Publicárase dita convocatoria nos lugares de costume, cun mínimo de dez días de antelación, mediante notificación escrita a tódolos comuneiro/as, e exporase, como determina o artigo 14-4º da Lei 13/89, 10 Outubro, no taboleiro de anuncios do correspondente Concello.

4.- Para a validez dos acordos requirirase, en primeira convocatoria, a asistencia da maioría dos comuneiro/as inscritos no correspondente censo, e na segunda convocatoria o 25% ó menos dos mesmos ou unha asistencia mínima de 100 comuneiros/as obrigatoria no o momento das votacións para ratificar a súa validez.

Entre a primeira e a segunda convocatoria deberán transcorrer como mínimo dúas horas, como establece o artigo 14-3º da citada Lei 13/1989, de 10 Outubro.

5.- A asistencia ás reunións da Asemblea Xeral deberá ser a do propio comuneiro/a ou a de persoa da súa familia, maior de 18 anos, en quen el delegue, por escrito que presentará á Xunta Rectora ó comezo da reunión. Tamén poderá delegar noutro comuneiro/a. Non obstante, ningún asistente

poderá ostentar máis dunha representación nin emitir máis dun voto amais do seu.

A delegación expresa para a Asemblea deberá presentarse a mesa de control antes do comezo da mesma.

6.- Agás nos casos expresamente tipificados na Lei de Montes Veciñais en Man Común, o seu regulamento, ou os presentes Estatutos, os acordos deberán ser tomados pola maioría simple dos asistentes, que no momento da votación non pode ser inferior a 100 votos incluídos os representados, e obrigarán a tódolos comuneiro/as.

7.- Do resultado da Asemblea levantarase a correspondente acta polo Secretario, na que deberá consta-la decisión da maioría respecto a cada un dos puntos da orde do día, expresando a calidade e número de voto emitido, e cando algún asistente fixera constar a súa oposición, farase constalo seu nome e apelidos.

Un extracto dos acordos publicarase nos lugares de costume, durante dez días a partir dos cinco seguintes ó da reunión.

8.- Réxime de maiorías.

- a) Aprobación, reforma ou rexeite dos Estatutos, así como os acordos referidos a actos de disposición correspóndenlle a Asemblea Xeral, requirindo a convocatoria expresa e o voto favorable da maioría dos presentes que represente polo menos o 50 por cento dos comuneiros/as en primeira convocatoria e o 30 por cento na segunda, non sendo neste caso as votación válidas inferiores a 125 votos emitidos.
- b) Para a aprobación da xestión e balance do exercicio económico, aproveitamentos e actos de administración en xeral será suficiente a maioría simple dos asistentes e sempre que a votación posúa un número mínimo de 100 votos emitidos.

## **ARTICULO 24.- FUNCÍONS DA ASEMBLEA XERAL DE COMUNEIROS/AS**

Son funcións da Asemblea Xeral de Comuneiro/as:

- 1.- Elección do Presidente e demais cargos da Xunta Rectora.
- 2.- Aceptación de novos comuneiro/as que reúnan os requisitos necesarios, a proposta da Xunta Rectora.
- 3.- O establecemento de períodos de carencia e cotas de ingreso dos novos comuneiro/as, cando proceda, como consecuencia de participar en aproveitamentos creados pola propia Comunidade.
- 4.- Decidir sobre a perda total ou parcial dos dereitos dalgún comuneiro/a.

**5.-** Resolve-las discordias entre comuneiro/as en cuestións relacionados coa administración do Monte.

**6.-** Aproba-los presupostos anuais, investimentos, remanentes líquidos, obras sociais, melloras comunitarias, créditos, convenios e as contas do exercicio.

**7.-** Aproba-las posibles federacións, unións e mancomunidades con outras comunidades.

**8.-** Reforma-los presentes Estatutos.

**9.-** Concertar cesións de uso, arrendamentos, dereitos de superficie, así como explotacións diversas no monte, e posibles modificacións, a proposta da Xunta Rectora.

**10.-** Interpoñe-las accións xudiciais que se consideren precisas para a defensa dos intereses da Comunidade.

**11.-** Realizar permutas de terreos de carácter veciñal con outros próximos de calquera orixe, sempre que cumpran o principio de proporcionalidade que se establece na Lei 13/1989, de 10 Outubro, Parlamento Galego, dando conta desto o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común.

**12.-** Tódalas medidas relativas a protección e xestión cautelara que se establezan pola Consellería de Agricultura.

**13.-** Xestionar-lo cumprimento de medidas de prevención do monte e loita contra incendios forestais na forma que se determine pola expresada Consellería cada ano, sen perxuízo de que a propia Comunidade afronte por sí as que considere convenientes en defensa do seu patrimonio colectivo.

**14.-** Aprobación da distribución de aproveitamentos, beneficios pecuniarios e cargas, no suposto de explotación colectiva, total ou parcial do monte.

**15.-** Ratificación e rectificación de tódolos acordos da Xunta Rectora que se estimen prexudiciais ou contrarios a outros da Asemblea Xeral.

**16.-** Imposición de sancións e determinación da súa contía tipificada por lei vixente ós infractores das normas dictadas pola Asemblea Xeral e Xunta Rectora.

**17.-** Así mesmo e de forma concreta todo o referente a autorizacións e concesións para poder constituír e explotar espazos de monte ou dos seus recursos, sinalando ó efecto as cotas a percibir por tales conceptos.

**18.-** Resolve-las reclamacións previas á vía xudicial contra os acordos adoptados pola mesma e pola Xunta Rectora.

**19.-** Todo o relativo a deslindes e a marcaxes parciais ou totais do monte.

**20.-** Ratifica-los acordos ou accións da Xunta Rectora que impliquen movementos económicos superiores a 3.000 euros.

**21.-** Aprobación de áreas de utilidade pública.

**22.-** Promover a creación de Asociacións e/ou Fundacións sen ánimo de lucro, que teñan como obxecto a mellora das condicións sociais e medio ambientais tanto parroquiais, como do monte e dos seus comuneiros/as e lle

dean cobertura ás inversións realizadas por compra de montes privados, fincas, solares, bens inmobles, etc.


**23.-** Aprobación de inscrición no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria e en todos aqueles que fora necesario para cubrir tódalas necesidades de tipo funcional e legal.

**24.-** Realizar cantos actos sexan necesarios para a boa marcha da comunidade, explotación do monte e dos seus recursos e convenios a realizar para a cesión, permuta ou adquisición de bens e dereitos que poidan variar o acervo patrimonial da Comunidade.

**25.-** Cantas outras estean atribuídas polas Disposicións en vigor, ou as que se dicten no futuro, e cantas houbera se lles atribúan nos presentes Estatutos, especialmente no tema de exercicio de voto e elección de cargos da Comunidade e tamén todas aquelas funcións que non estean expresamente encomendadas a Xunta Rectora.

### ARTIGO 25.- A XUNTA RECTORA

1.- A administración e xestión da Comunidade corresponderá á Xunta Rectora que estará constituída da seguinte forma:



2.- Os referidos cargos son gratuítos e honoríficos, agás das responsabilidades de asesoría e xestión que poderán ser remuneradas de acordo coas funcións e tarefas a realizar, e terán a duración de catro anos, como máximo, e dous anos, como mínimo, sendo o período de dous anos o elixido para o desempeño das funcións da Xunta Rectora, agás cando circunstancias derivadas das tarefas desenvolvidas no monte requiran o tempo máximo de catro anos, para o cal será necesario que a Asemblea Xeral de a súa aprobación á proposta da Xunta Rectora. Tamén poderán ser substituídos por outros na forma que se deixa establecida máis adiante nos seguintes casos:

- a) Falecemento ou incapacidade de obrar.
- b) Perda da condición de comuneiro/a ou rexeite da representación que ostenta.
- c) Renuncia expresa admitida pola Asemblea Xeral.
- d) Pola renovación cada catro anos, ou período de tempo inferior que se estableza.
- e) Por deixar de ser comuneiro ou sufrir algunha limitación nos seus dereitos de partícipe.
- f) Calquera membro da Xunta Rectora, cumprido o período de mandato de catro anos, ou outro inferior que se estableza, acabado o cal poderá presentarse en calquera candidatura.
- g) Remoción pola Asemblea Xeral extraordinaria a petición do 20% dos comuneiro/as, aprobada por maioría simple, sempre que concorran a esta Asemblea o 25% dos comuneiros/as ou un número superior a cen, incluídos os representados.

#### **ARTICULO 26.- XUNTANZAS DA XUNTA RECTORA.**

1.- A Xunta rectora reunirse, en sesión ordinaria, obrigatoriamente, cada mes e en sesión extraordinaria cando o dispoña o Presidente ou o pida calquera dos seus membros, o 20 % dos comuneiro/as, ou un número superior a oitenta.

2.- Para que quede validamente constituída a Xunta Rectora deberá asistir a maioría dos seus membros e, en tódolos casos, o Presidente ou, coa súa delegación, un Vicepresidente.

Os acordos adoptaranse pola maioría dos asistentes e, en caso de empate, decidirá o Presidente.

A asistencia ás reunións da Xunta Rectora será sempre persoal, sen que se admitan delegacións.

3.- A convocatoria das reunións, tanto ordinarias como extraordinarias, será realizada polo Secretario a cada un dos membros con 48 horas, como mínimo, de antelación, indicando data, lugar e hora da reunión, tanto en primeira como en segunda convocatoria e incluíndo a ORDE DO DÍA

da reunión.

3.- Considerarase que existe quorum si asiste a metade máis un dos membros na primeira convocatoria e o menos, seis na segunda, que deberá celebrarse como máximo media hora máis tarde que a primeira. As decisións adoptaranse por maioría simple, co voto de calidade do Presidente, en caso de empate. As decisións así tomadas obrigarán a toda a Xunta Rectora.

#### **ARTICULO 27.- FUNCÍONS.**

Son funcións da Xunta Rectora:

1.-A execución de acordos da Asemblea Xeral.

2.- Presentación a Asemblea Xeral da proposta de novos comuneiro/as, imposición de períodos de carencia, cotas de ingreso, sancións e separacións de comuneiro/as.

3.- Confección e presentación a Asemblea Xeral de presupostos e balances.

4.- Promove-la confección de plans ou cambios nos mesmos para o mellor aproveitamento do monte e sometelas a Asemblea Xeral.

5.- Decidir sobre a interposición de accións xurídicas, administrativas ou de outro orden que sexan necesarias, dando conta a Asemblea Xeral na primeira reunión que se celebre para a súa ratificación. Todo isto sen perxuízo das facultades que por razóns de urxencia se outorgará ó Presidente da Comunidade.

6.- Facer xestións, desembolsos de diñeiro ata 3.000 euros, dando conta detallada de todo isto á Asemblea Xeral para que as acepte ou repudie.

7.- Impulsa-lo funcionamento da Comunidade co fin de evita-las accións de protección e xestión cautelar atribuídas a Administración Pública e en especial, que os montes veciñais da Comunidade se declaren en estado de grave abandono ou degradación, todo isto sen perxuízo de solicitar da Consellería correspondente as axudas necesarias para evitalo.

8.- Convocatoria das reunións da Asemblea Xeral.

9.- Levar Libros de Actas, Libro Rexistro de Comuneiros/as, e Libro de Contabilidade da Comunidade.

10.- Presentar para a súa aprobación, á Asemblea Xeral os valores dos xornais que haxan de abonarse durante cada ano no caso de traballos no Monte.

11.- En xeral, administra-la Comunidade, as que delegue a Asemblea Xeral ou imponha a Lei 13/1989, de 10 Outubro, do Parlamento Galego ou, no que fose preciso, a Lei 55/80 de 11 Novembro e o seu Regulamento de setembro de 1992.

#### **ARTICULO 28.- FUNCÍONS ESPECIFICAS DOS CARGOS DA XUNTA RECTORA**

**1.- O PRESIDENTE/A.**

O Presidente da Xunta Rectora ostentará, xudicial e



extraxudicialmente, a representación da Comunidade, non obstante poderase nomear polos órganos da Comunidade ou por este, outros representantes para asuntos concretos, cando se considere oportuno. Presidirá as sesións que se celebren tanto da Asemblea Xeral como da Xunta Rectora.

## **2.- O VICEPRESIDENTE/A 1º**

Vicepresidente 1º substituirá ó presidente na súa ausencia, vacante ou enfermidade; e en asuntos de representación e auxiliará ó Presidente nos tramites da súa competencia.

## **3.- O VICEPRESIDENTE/A 2º**

O Vicepresidente/a 2º será o responsable da Area de Patrimonio e Contratación e compételle as seguintes funcións:

### **PATRIMONIO.**

- a) Elaborar o CENSO PATRIMONIAL de acordo coas características seguintes:
  - 1) Superficie e localización do monte clasificado pola resolución do Xurado Provincial.
  - 2) Adquisición de parcelas en zoas anexas ó monte.
  - 3) Adquisición de parcelas fora dos enclaves do monte.
  - 4) Patrimonio inmobiliario existentes nos enclaves do monte.
  - 5) Patrimonio inmobiliario existente fora dos enclaves do monte.
- b) Elaborar un informe de uso e utilización actualizado do patrimonio da Comunidade.
- c) Clasificar documental e cartograficamente o patrimonio da Comunidade.
- d) Dixitalizar ou informatizar toda a documentación patrimonial da Comunidade.

### **CONTRATACIÓN.**

- a) Elaborar unha relación actualizada DE CONTRATOS que teñan que ver coa explotación dos recurso do monte.
- b) Elaborar unha relación de convenios subscritos con entidades para o uso de patrimonio da Comunidade.
- c) Elaborar unha relación de convenios subscritos con empresas, entidades ou particulares vinculados con actividades no monte.
- d) Realizar, xunto co Presidente e Secretario, todo tipo de contrato que teña que ver coa explotación de recurso do monte.
- e) Realizar, xunto co Presidente e Secretario, todo tipo de contratos ou convenios que teñan que ver co patrimonio inmobiliario e/ou parcelas fora dos enclaves do monte.

O Presidente/a substituirá o responsable desta Area en caso de ausencia, vacante ou enfermidade de forma provisional e de forma definitiva por quen designe a Xunta Rectora.

## **4.- O VICEPRESIDENTE/A 3º**

O Vicepresidente 3º será o responsable da Area de Recursos,

Ordenación e Seguridade do Montes e compételle as seguintes funcións:

1.- RECURSOS DO MONTE.

- a) Elaboración de presuposto de gastos de material vexetal, produtos de sementa, tratamentos, estercado e rego.
- b) Elaboración de censo de maquinaria e ferramenta agrícola.
- c) Controlar a limpeza de tódolos accesos ó monte e retirada de arborado caído e/ou enfermo

2.- ORDENACIÓN DO MONTE

- a) Estudos e proxectos paisaxísticos.
- d) Elaboración do censo de especies arbóreas.
- e) Clasificación do solo de acordo coa calidade da capa freática.
- f) Distribución de especies e variedades optimizadas por calidade

3.- SEGURIDADE DO MONTE

- a) Plan de control de vertidos incontrolados
- b) Plan de seguridade ante-incendios
- c) Plan de control de gando alleo ó monte.

O Presidente/a substituirá o responsable desta Area en caso de ausencia, vacante ou enfermidade de forma provisional e de forma definitiva por quen designe a Xunta Rectora.

**5.- O SECRETARIO/A**

O Secretario será o responsable da Area de Administración e Organización da Comunidade e compételle as seguintes funcións:

- a) Velar polo cumprimento das leis relacionadas coa administración do monte e polos Estatutos da Comunidade.
- b) Establecer, xunto co Presidente, o calendario de xuntanzas da Xunta Rectora, regulando o lugar, día e horas das reunións, así como establecer o orden do día con antelación.
- c) Comunicación a Xunta Rectora do día e hora de tódalas xuntanzas, tanto as do pleno como as das distintas AREAS DE XESTIÓN.
- d) Establecer, xunto co Presidente, o orden do día das Asembleas da comunidade, previo a proposta definitiva da Xunta Rectora, e mesmo establecer día e hora da Asemblea.
- e) Levantar acta de tódalas xuntanzas da Asemblea e Xunta Rectora da Comunidade e solicitar as actas das demais xuntanzas das Areas de Xestión, que serán levadas nos seus libros correspondentes.
- f) Ser depositario e velar pola seguridade da documentación administrativa, económica e contractual da Comunidade.
- g) Velar pola vixencia dos censos da Comunidade.
- h) Expedir a quen proceda documentos da Comunidade, así como remitir a administración aquela documentación

requirida ós efectos de xestión de subvencións e respostas a notificacións requirimentos e recursos.

- i) Establecer con carácter estable os locais precisos para o desenvolvemento da xestión administrativa da Comunidade e o arquivo de toda a documentación de Montes.
- j) Presentación a Asemblea Xeral de propostas de admisión de novos comuneiros, de imposición de períodos de carencia ou cotas de ingreso; de imposición de sancións e de suspensión ou separación de veciños-comuneiros.
- k) Estudiar e propoñer, previa solicitude, o ingreso na Comunidade dos novos comuneiros, dando alta automática a aqueles que fóranos xa con anterioridade e perderan a súa condición de comuneiro por incumprimento do artigo 16, apartado g); dando coñecemento das citadas altas a Asemblea Xeral, para a súa ratificación, e expoñer as demais solicitudes para a súa aprobación.
- l) Abrir expediente a comuneiros que infrinxan o artigo 16, apartados e) e h).
- m) Realizar os contratos do persoal ó servizo da Comunidade, así como tramitar as altas e baixas na Seguridade Social e demais organismos oficiais.
- n) Elaboración de unha páxina Web orientada a difundir a organización e información da Comunidade.

#### **6.- O VICESECRETARIO/A**

O Vicesecretario/a substituirá o Secretario/a na súa ausencia en asuntos de representación e auxiliará ó Secretario/a nos trámites da súa competencia.

#### **7.- O TESOUREIRO**

O Tesoureiro será o responsable da Área de Economía e Presupostos da Comunidade e compételle as seguintes funcións:

- a) Realizar un PLAN ECONÓMICO elaborado coordinadamente coas demais áreas de xestión.
- b) Realizar, xunto co Presidente e Secretario, os presupostos anuais da Comunidade.
- c) Levar os libros contables de acordo coa lexislación vixente.
- d) Realizar, xunto co Presidente e Secretario, os pagos e ingresos necesarios para o funcionamento da Comunidade, establecendo os procedementos e criterios que favorezan a economía da Comunidade.
- e) Establecer as relacións coas entidades bancarias no que se refire a apertura de contas e movementos de diñeiro.
- f) Levar a relación de provedores, clientes e usuarios así como o control de produtos, materias, abastecementos e servizos que se poidan adquirir o entregar mediante facturas, recibos e albarás.

- g) Dar conta a Xunta Rectora e Asemblea da situación económica da Comunidade.
- h) Ser depositario dos fondos económicos da Comunidade, levando os libros contables da mesma e responsabilizándose de controlar os recursos monetarios. Unirá a súa sinatura á do Presidente e á do Secretario nas contas bancarias da Comunidade, sendo precisa a sinatura de dous calquera deles mancomunadamente para a realización de tódalas operacións.

#### **8.- O CONTADOR/A**

O Contador/a substituirá o Tesoureiro/a na súa ausencia en asuntos de representación e auxiliará ó Secretario/a nos trámites da súa competencia.

#### **9.- OS VOCAIS**

Os vocais terán as funcións que lles encomende a Xunta Rectora dentro de cada Area de Xestión. Prestarán unha función colaboradora en asuntos de tesourería e contabilidade, na elaboración dos presupostos, velando pola claridade de reflexo de ingresos e gastos, sen perxuízo do exposto no artigo anterior, podendo someter calquera xestión que desto se derive a Xunta Rectora, a cal poderá, se o considera conveniente, somete-la á súa vez a consideración da Asemblea Xeral.

Na presentación de candidaturas á Xunta Rectora deberá figurar un vocal por cada un dos barrios da parroquia de Valladares, agás que en Asemblea Xeral se acorde variar tal proporción en máis ou menos segundo a importancia da configuración do barrio respecto do resto da parroquia. Tamén se poderán incluír Lugares da parroquia de Valladares dependendo da importancia da súa configuración e do número de Comuneiros/as, que non deberá ser inferior a 25. Tales barrios son: Barrocas, Carregal, Freixo, Garrida, Igrexa, Portal e Sobreira. Os indicados cargos, serán elixidos por tódolos Comuneiro/as da entidade poboacional de toda a Comunidade de Montes.

#### **ARTICULO 29.- DO PRESIDENTE DA XUNTA RECTORA**

O Presidente da Xunta Rectora é o representante legal da Comunidade, podendo ó efecto defendela sen necesidade de contar coa Xunta Rectora, nin coa Asemblea Xeral en casos de urxencia, coa obriga de someter á ratificación de ditos Órganos, na primeira reunión que se celebre, os actos realizados en defensa da Comunidade, sexan estes na vía xudicial, administrativa ou de calquera outra orde para a súa confirmación ou rexeitamento.

É, polo tanto, o representante legal da Comunidade. Non obstante deberá informar axiña os responsables das Areas de Xestión.

### **CAPITULO VI**

## **OUTROS ÓRGANOS E FACULTADES**

### **ARTICULO 30.- OUTROS ÓRGANOS DE ADMINISTRACIÓN**

A Asemblea Xeral poderá nomear Comisións Xestoras para a mellor administración en certas áreas do monte ou o seu patrimonio, de explotacións concretas ou cumprir misións específicas dentro da Comunidade, compostas por un presidente e, alomenos, dous vocais, elixidos entre os que teñan intereses directos no obxecto para o que se constitúen.

### **ARTICULO 31.- FACULTADES.**

Ditas comisións terán as facultades que a Asemblea Xeral ou Xunta Rectora lles asigne nas cuestións que lles foron encomendadas e os seus acordos, segundo a competencia de cada órgano, serán ratificados ou rexeitados pola Asemblea Xeral ou pola Xunta Rectora.

## **CAPITULO VII**

### **RESPONSABILIDADE DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

#### **ARTICULO 32.- DA ASEMBLEA XERAL.**

A Asemblea Xeral será responsable diante dos comuneiro/as da boa marcha da Comunidade e do cumprimento das súas obrigas, da observancia dos presentes Estatutos e das Leis e Regulamento de Montes Veciñais en Man Común.

#### **ARTICULO 33.- DA XUNTA RECTORA E DOS SEUS MEMBROS.**

A mesma responsabilidade incumbe á Xunta Rectora, tanto polo que respecta ós asuntos da súa competencia como ós que lle encomenda a Asemblea Xeral e dos danos e prexuízos que ocasione á Comunidade por culpa, dolo, negligencia ou morosidade na súa actuación.

A responsabilidade da Xunta Rectora será sempre colexiada, a non ser que algúns dos seus membros traspasen as facultades que lles foron conferidas e actúe a nivel persoal con terceiros, caso no que se lles esixirá responsabilidade individualmente.

Os membros da Xunta Rectora responderán sempre dos danos e prexuízos que lle ocasione a Comunidade de Montes, ben sexa debidos a fraude, ben a culpa ou negligencia no desempeño da súa misión.

#### **ARTICULO 34.- DISPOSICIÓNS A APLICAR.**

No previsto sobre a responsabilidade dos membros da Xunta Rectora aplicaranse as disposicións do Código Civil relativas ó mandato non retribuído, sen prexuízo das responsabilidades a que houbese lugar no orde penal e administrativo

## CAPITULO VIII

### **IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E FACULTADES DA COMUNIDADE PARA REVOGALOS**

#### **ARTICULO 35.- ACORDOS DA ASEMBLEA CONTRARIOS A LEI DE MONTES.**

Os acordos da Asemblea Xeral contrarios ás Leis de Montes Veciñais en Man Común ou o seu Regulamento, os infractores dos presentes Estatutos e os non adecuados ós intereses xerais, poderán ser recorridos por calquera dos comuneiro/as dentro dos quince días naturais seguintes á Asemblea en que se adoptou o acordo e trinta seguintes días naturais se non asistiu a dita Asemblea Xeral, debendo resolve-la Asemblea sobre tal recurso dentro dos trinta días naturais seguintes a súa presentación; e tal resolución poderá ser impugnada diante da Xurisdicción ordinaria dentro dos dous meses seguintes

Os recursos interpostos polos comuneiro/as a que se contrae o presente articulo tramitaranse conforme á Lei de Procedemento Administrativo Común , e incluso con tódalas garantías que establecen as súas normas de desenvolvemento.

#### **ARTICULO 36.- ACORDOS DA XUNTA RECTORA CONTRARIOS A LEI DE MONTES.**

Se se trata de acordos da Xunta Rectora que adoezan dos mesmos defectos, deberán ser impugnados polos comuneiro/as que se crean prexudicados ante a Asemblea Xeral no prazo de quince días naturais dende a súa publicación e a resolución daquela poderá ser impugnada na forma prevista no artigo anterior.

#### **ARTICULO 37.- REVOGACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA RECTORA.**

A Asemblea Xeral poderá revocar calquera acordo tomado pola mesma ou pola Xunta Rectora, pero para isto requirirase que concorran as circunstancias do articulo 18 parágrafo 1º da Lei 13/1989, do 10 Outubro do Parlamento Galego.

Cando tales acordos fosen contrarios a Lei e o Regulamento de Montes Veciñais en Man Común, ós presentes Estatutos, ou violasen a lexislación xeral, poderán ser suspendidos polo Presidente ata a reunión da referida Asemblea cando así o solicite calquera dos membros da Xunta Rectora, ou o 20% dos comuneiro/as ou un mínimo de 80 comuneiros/as.

Se tales acordos fosen ratificados pola Asemblea Xeral reunida ó efecto, poderán ser executados, sen perxuízo das responsabilidades en que incorra a propia Comunidade, se se ordena o seu rexeite pola xurisdicción competente.

## CAPITULO IX

### **APROVEITAMENTOS E PARTICIPACIÓN DOS MONTES**

#### **ARTICULO 38.- APROVEITAMENTOS, BENEFICIOS E NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

1.- Os aproveitamentos dos montes veciñais corresponden exclusivamente, salvo cesión ou establecemento de dereitos de superficie sobre os mesmos, ós comuneiros/as, sen asignación de cotas ou tomadas específicas.

2.- Distínguense tres clases de aproveitamentos:

a) Considéranse aproveitamentos directos e de balde os seguintes:

- Recollida de leña caída, matogueiras e toxos para usos propios.
- Aproveitamento das augas que discorren polo Monte.
- Pastoreo do gando propiedade da Comunidade.

Tales aproveitamentos serán de libre disposición de calquera membro da Comunidade en tanto e que non causen danos nin abusen do seu dereito comunitario, previa autorización da Asemblea Xeral.

b) Considéranse aproveitamentos con rendementos pecuniarios os seguintes:

- Vendas de madeira, postes ou calquera aproveitamento que produza o monte susceptible de xerar diñeiro.
- Arrendamentos de pastos.
- Arrendamentos de canteiras ou similares, ou cesión en dereito de superficie.
- Minas arrendadas ou explotadas directamente.
- Arrendamento de parcelas ou cesión das mesmas por medio de dereito de superficie ou cesión de uso.
- Cesión de augas, sen perxuízo do establecido na Lei de 2 de Agosto de 1985, e do Regulamento Público Hidráulico.
- Arrendamento, cesión de dereito de superficie ou dereito de uso de calquera aproveitamento do monte ou parte do mesmo.
- A caza mediante arrendamento ou explotación directa, no caso de que se considere e así sexa acordado pola Comunidade en Asemblea Xeral.
- Cesións de calquera tipo, mediante arrendamento de uso ou superficie de todo ou parte do monte para calquera forma asociativa.
- Outros que se poidan establecer.

Os beneficios destes aproveitamentos con rendemento pecuniario serán empregados prioritariamente en melloras no Monte, obras ou servizos comunitarios de camiños, alumeado público, sumidoiros,

etc.; de acordo co artigo 48 do Decreto 260/92, no que dí que os rendementos que produza o Monte, respectando o disposto no artigo 52 do mesmo decreto, dedicaranse en todo ou en parte a obras ou servizos comunitarios, con criterios de reparto proporcional entre os diversos barrios ou lugares, aplicando os seguintes baremos:

- 1) Número de veciños/as comuneiros/as.
- 2) Porcentaxe de comuneiros/as en función do número real de casas con porta aberta do barrio ou lugar.
- 3) Inversión realizadas con anterioridade.
- 4) Urxencia e/ou importancia da obra a realizar en comparanza con outras presentadas.

Corresponderalle a Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Rectora, a decisión sobre estes aproveitamentos. Excepcionalmente, e sempre por maioría das dúas terceiras partes dos comuneiros/as ou un número non inferior a 150 votos emitidos, poderase acordar unha distribución de beneficios para outros fins comunitarios.

c) Consideraranse aproveitamentos de inversión aqueles para a consecución dos cales fagan falla o establecemento dunha empresa agropecuaria ou industrial que esixa achega de capital, man de obra remunerada, organización, risco e dirección técnica empresarial. A decisión de acometer iniciativas de libre empresa ou asociación cooperativa compételle en todo caso a Asemblea Xeral, coa maioría reforzada de dous tercios de veciños/as comuneiros/as ou un número mínimo de 150 votos emitidos.

3.- As pólas procedentes do arboredo cortado será distribuída entre tódolos comuneiro/as interesados, facendo lotes aproximadamente iguais.

4.- En caso de que calquera produto de rendimento directo e gratuíto, non sexa aproveitable en todo ou en parte, a Xunta Rectora da Comunidade procederá á súa venda investindo o produto obtido no mesmo en melloras da entidade de poboación a quen corresponde o monte, con reserva á que se refire o artigo 19º.2 dos presentes Estatutos.

5.- As actuacións sobre o aproveitamento do monte en función das necesidades da Comunidade previstas nos artigos anteriores, estarán suxeitas a plans de aproveitamento racional do monte.

6.- A alleación dos aproveitamentos de madeira ou de calquera outro rendimento pecuniario farase sempre en pública poxa, con fixación de edictos nos lugares públicos de costume, e mesmo no Boletín Oficial da Provincia, se así o tivera acordado a Asemblea Xeral de Comuneiro/as. Os membros da comunidade poderán asistir á poxa e participar nela, someténdose ás condicións establecidas para a



mesma.

7.- A Comunidade poderá facultar, previo acordo da Asemblea Xeral, no caso de que interese, as xestións necesarias a fin de mancomunarse coas comunidades doutras localidades que posúan montes veciñais en man común, a fin de realizar conxuntamente os plans de explotación dos mesmos, especialmente no que se refire a incendios forestais e demais riscos a que poida estar suxeito o monte.

8.- Para a conservación ecolóxica e ambiental do monte, a Xunta Rectora da Comunidade, previa autorización da Asemblea Xeral, poderá tomar medidas legais contra os infractores ecolóxicos do mesmo.

## **CAPITULO X**

### **ELECCIÓN DE CARGOS DA XUNTA RECTORA. DAS ELECCIÓNS.**

#### **ARTICULO 39.- PROCESO DAS ELECCIÓNS.**

1.- A mesa electoral para o nomeamento de nova Xunta Rectora será elixida na Asemblea Xeral anterior, con fin de designar de entre os comuneiro/as, para compoñe-la mesa electoral, ó Presidente/a da mesma, o Secretario/a e dous vocais, así como catro suplentes e sucesiva aceptación dos designados para o desempeño do cargo.

2.- A designación efectuada e a aceptación manifestada para o desempeño de tal cometido, é renunciabile por imposibilidade ou causa de necesidade xustificada, sempre que tal renuncia se efectúe, cando menos, con dez días de antelación a celebración da Asemblea Xeral para efectuar tal elección, presentada por escrito, dirixido ó Presidente da Comunidade, quen, de acreditarse os extremos de imposibilidade ou causa de necesidade, comunicará ó primeiro dos suplentes a designación para o cargo na mesa e así sucesivamente.

3.- A Asemblea para a elección da Xunta Rectora convocarase, cando menos, con trinta días de antelación, si é extraordinaria, e si é ordinaria o prazo establecido nos presentes Estatutos.

4.- As distintas candidaturas depositaranse, 48 horas antes da celebración da Asemblea Xeral, para a súa formalización ante a Secretaría da Xunta Rectora, presentada por calquera dos seus compoñentes en escrito no que figure a composición da mesma e os cargos ós que cada un aspire, dentro do Organigrama de Xunta Rectora establecido nestes Estatutos.

5.-As candidaturas que pugnen por ocupa-los distintos cargos da Xunta Rectora poderán designar, cada unha delas, un interventor, que non sexa candidato a ningún dos cargos, na mesa electoral, para que fiscalice a

claridade das eleccións.

6.- Será elixida Xunta Rectora a candidatura que posúa o maior número de votos dos comeneiros/as presentes e representados.

7.- Calquera incidente ou recurso que se presente durante a celebración das eleccións reflectirase na acta que o Secretario de Mesa levante, e resolverase na Asemblea Xeral que se celebrará a continuación do escrutinio e recuento de votos, procedendo a Asemblea Xeral a resolver sobre os mesmos.

Tal acordo poderá ser impugnado ante a Xurisdicción ordinaria, dentro dos dous meses seguintes, sen que sexa de aplicación ó presente caso o disposto no artigo 35º.1 destes Estatutos.

8.- Unha vez resolto sobre os incidentes e recursos a que se refire o apartado anterior, acordarase a validez das eleccións, do escrutinio e recuento de votos, procedéndose a continuación a declarar electos para os cargos da Xunta Rectora tal e como se contempla no Organigrama reflectido nos presentes Estatutos, tomando acto seguido posesión dos mesmos.

## **CAPITULO XI**

### **EXTINCIÓN DA COMUNIDADE**

**ARTICULO 40.-** A Comunidade extinguirase por calquera das causas seguintes:

- a) Por disposición legal que así o ordenase.
- b) Por deixar de existi-la totalidade dos veciños comeneiro/as.

**ARTICULO 41.-** No suposto de deixar de pertencer o monte a Comunidade e ser substituído por outros bens, poderá continua-la existencia da mesma a explotación dos bens substituídos sempre que así o acorde a Asemblea Xeral

**ARTICULO 42.-** Cando ó tempo de que se expropie o monte se extinga a Comunidade, o importe do xustiprezo poderá investirse, con acordo da Asemblea Xeral, na compra doutro monte, ou inmoible, si existiu traslado a outro pobo, aldea ou lugar que teña facilitado calquera entidade pública ou privada ou ben cando fora xestionado pola propia Comunidade.

**ARTICULO 43.-** Cando non fora posible o previsto no artigo anterior, a Asemblea Xeral, pola maioría dos sen membros, decidirá sobre do emprego e distribución do importe correspondente a expropiación dos ben comunais, pero a Comunidade non desaparecerá á espera do dereito de reversión dos bens. De extinguirse ou desaparecer a Comunidade, de forma provisoria e hasta que se reconstrúa, e sempre que a parroquia de Valladares non exerza o

dereito conferido na Lei 13/89, o monte será xestionado de forma cautelar pola Consellería de Agricultura da Xunta de Galicia.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

**ÚNICA.-** No non previsto nos presentes Estatutos rexerá a Lei 13/89 de 10 Outubro, de Montes Veciñais en Man Común, promulgada polo Parlamento Galego e o seu Regulamento, de setembro de 1992, e no que fose necesario a Lei 55/80 de 11 Novembro e o seu Regulamento, aprobado por Decreto de 20 Febreiro de 1970 e, no seu defecto, a lexislación xeral e o costume inveterado como fonte especial do dereito foral galego en virtude do artigo 38-1 do Estatuto de Galicia, así como o desenvolvemento que se faga del.

En Vigo, a 28 de setembro de 2003.

A XUNTA RECTORA.